

DÍA DO DEPORTE 2025 / CONCELLO DA MERCA

O Concello da Merca, organiza O DÍA DO DEPORTE / CONCELLO DA MERCA 2026, cun percorrido de 10 km e cunha dificultade media; transcurre polos camiños de Solveira, Matusiños, A Merca, Paradela, Monumento Miguel Angel Blanco , a Peneda da Lebre , canastros e remata no pavillón municipal.

Podemos destacar o deseño do trazado desta edición na búsqueda de camiños antigos; así como, a recuperación doutros actualmente en desuso. Trátase dun percorrido polo Concello da Merca na provincia de Ourense, enclave natural do río Arnoia. Queremos ter en conta neste roteiro, o castro da Peneda da Lebre,o monumento a Miguel Angel Blanco, o maior conxunto de Canastros de España e segunda concentración do continente europeo, situado na poboación da Merca

DATA: 12 de abril de 2026 (domingo)

LOCALIDADE: A Merca (Ourense)

DATA E LUGAR

LUGAR DE SAÍDA: Pavillón municipal da Merca o día 12 de abril

1.- INSCRICIÓNS

- CROSS 150 participantes .
ANDAINA SIN LÍMITE.
XINCANA INFANTIL SIN LÍMITE
- As inscricións realizaranse mediante plataforma dixital. web e app Saudeter

A data tope será o 9 de abril ás 23:59. A partir desa data,no caso de haber prazas dispoñibles, a organización aceptará inscricións sin garantías de entrega de camisetas, das tallas ou do agasallo correspondente.

A inscrición inclúe:

- Participar na proba. CROSS OU ANDAINA
- Dorsal para CROSS
- Agasallo participación. (100 CAMISETAS PARA CROSS, RESTO AGASALLO)
- Cronometraxe PARA CROSS
- Dispositivo electrónico para control de tempos. PARA CROSS
- Servizo de vestiarios, aseos e duchas
- Servizo médico e de ambulancia
- Pincho ao final da ruta

* Non se devolverá o importe pagado o inscribirse en ningún caso

2.- PERCORRIDOS E DISTANCIAS

ROTEIRO 10 KM

(*) Ás distancias poden sufrir alguna alteración. En calquera caso avisaríase con antelación.

3.- PERIODOS DE INSCRICIÓN E PREZOS

-CROS 150 participantes ata o 09 de abril a las 23:59 10 €

-ANDAINA SIN LÍMITE ata o 09 de abril a las 23:59 5 €

-XINCANA INFANTIL SIN LÍMITE GRATUITO

4.- PARTICIPACIÓN, CATEGORÍAS E TROFEOS

Podrán participar no CROSS os corredores, inscritos na mesma e que teñan unha condición física apropiada.

TROFEOS por categorías:

- 1ª ABSOLUTO FEMININO
- 2ª ABSOLUTO FEMININO
- 1º ABSOLUTO MASCULINO
- 2ª ABSOLUTO MASCULINO
- 1ª FEMININA SENIOR MAIOR DE 45 ANOS
- 1º MASCULINO SENIOR MAIOR DE 45 ANOS
- 1ª FEMININA SUB 23
- 1º MASCULINO SUB 23
- 1ª CATEGORIA LOCAL FEMININO
- 1ª CATEGORIA LOCAL MASCULINO

Poderán participar na ANDAINA as persoas inscritas na mesma

Poderán participar na XINCANA tódolas nenas e nenos de 3 ata 12 anos

5.- PROGRAMA/HORARIO

9 HORAS

- Entrega dos dorsais CROSS (pavillón municipal)
- Entrega agasallo andaina

Día do evento (domingo 12/04/2026)

09:00 Entrega dorsales ata 15 minutos antes de cada proba (en pavillón municipal)

10:00 Saída (proba cronometrada)

10:00 Saída andaina libre

11:30 Xincana infantil no interior do pavillon municipal

6.- SEÑALIZACIÓN E CONTROIS

O percorrido estará sinalizado por carteis indicadores, cinta de balizar e por persoal da organización e protección civil.

O chip entregase conxuntamente co dorsal e terá que ser devolto ao remate da proba (a non devolución implica o pago de 10€ a organización)

A meta para o Cross cerrase ás 12 horas.

8.- MATERIAL RECOMENDADO

- Será RECOMENDADO calzado técnico
- Teléfono móbil co número da organización gardado, con batería suficiente.
- Recomendamos: chaqueta impermeable, gorra, roupa térmica, guantes(en función da climatoloxía)

9.- OBRIGAS DOS CORREDORES.

- Os participantes están obrigados a levar o dorsal facilitado pola organización. Éste levarase nun lugar visible na parte dianteira durante toda a proba e non poderá ser dobrado nin recortado
- A socorrer a outro corredor en perigo ou accidentado e a comunicalo a organización.
- A seguir as instrucións dos membros da organización.
- A non saírse do itinerario sinalado.
- A comunicar a súa retirada , entregando o dorsal. O corredor asume toda a súa responsabilidade dende que abandona voluntariamente a proba ou cando sexa descalificado. Si decide continuar no percorrido será baixo a súa absoluta responsabilidade.
- É obrigación de cada participante portar consigo calquera residuo que xenere: envases, papeles, residuos orgánicos, etc., ata os lugares sinalados e habilitados pola organización
- Non danar e non perxudicar a flora e fauna.

10.- MOTIVOS DE DESCALIFICACIÓN

- Non auxiliar o participante que o necesite
- Non obedecer as indicacións do persoal identificado como da organización
- Non levar o dorsal visible.
- Atallar, saírse do itinerario sinalado, especialmente nas zonas máis sensibles, co fin de non danar o medio ambiente.
- Non realizar o percorrido completo.

11.- CANCELACIÓNS E/OU MODIFICACIÓNS

A organización das probas resérvase o dereito a modificar horarios e percorridos ou suspender calquera das probas, si así o estima oportuno, por razóns climatolóxicas ou de seguridade. Só no caso da suspensión da proba se procederá a devolución do 100% da cuota de inscrición. Dado o espírito deportivo e popular desta proba non se admitirán reclamacións.

12.- COMPROMISO DOS CORREDORES

Será obrigatorio por parte de todos os participantes preservar o noso entorno, estando prohibido tirar desperdicios ou lixo contaminante. Será motivo de descalificación incumplir esta norma elemental por parte dos participantes. Cada corredor será responsable de todo perxuício ou lesión que poidera causar a sí mesmo ou a terceiros, exonerando a organización de calquera responsabilidade en caso de accidente ou lesión. Os participantes están obrigados a socorrer a outros participantes durante o roteiro.

13.- CRITERIOS AMBIENTAIS

A organización ten como máxima a protección do entorno no que se desenrolan as probas, o trascorrir por un entorno de gran valor natural.

Todos os elementos empregados para o marcaxe do percorrido serán retirados pola organización una vez concluídas as probas.

14.- IMAXE E PUBLICIDADE

A organización das probas e os patrocinadores que colaboran na organización deste evento deportivo reservanse o dereito de usar libremente en todas as súas formas, as imaxes da participación dos corredores e camiñantes, e publicar os resultados obtidos por eles.

As probas poden ser grabadas en vídeo e/ou fotografías polos xornalistas e organizadores do evento para a súa posterior utilización na publicidade do día do deporte na Merca.

15 .- AVITUALLAMENTO

No kilómetro 5 , a metade da proba, haberá avituallamento de auga e unha peza de fruta.

16.- PUBLICACIÓN DO REGULAMENTO PARA COÑECEMENTO DOS PARTICIPANTES

O presente Regulamento publicarase , na web da empresa de inscrición e na web municipal do concello da Merca, e estará exposto na oficina do pavillón municipal durante as probas. A inscrición nas probas supón o coñecemento e a aceptación do presente regulamento. O descoñecemento do mesmo non exime ao participante do seu cumprimento.